

Pleno do Comité N° 32 – 2 de marzo de 2018

1.- Actas: Apróbase a acta 31.

2.- Comisións: Non houbo ningunha reunión dende o pleno anterior. Convocase o próximo Comité Provincial de Seguridade e Saúde para o 22 de marzo.

3.- 8 de marzo, Folga de Mulleres:

A iniciativa da CIG o Comité acordou por unanimidade o seguinte texto:

O Comité de Empresa da Coruña, reunido en Pleno o 2 de marzo de 2018, acorda dar o seu apoio á Folga de mulleres do 8 de marzo nas diferentes modalidades de paro convocadas polas organizacións sindicais, e fai un chamamento a participar nas mobilizacións convocadas para ese día.

4.- Varios: Sobre os escritos de entrada chegaron: reestruturación dun Operador de Comunicacións a Inmobiliario, quendas, información sobre a "desinsectación" que se vai levar a cabo do 2 ao 5 de marzo na central de Riazor.

Escritos de saída: enviouse o informe negativo do comité rexeitando á reestruturación de CAOL Frio.

Festas locais a tratar na vindeira permanente.

Falouse da reunión que tivo lugar entre os responsables da área de Operacións con varios traballadores onde se falou do Plan 17/20, do que o comité aínda non dispón de ningunha información.

Tamén tivemos coñecemento que a empresa está a descontar un día de Asuntos Propios como compensación ao festivo do 17 de maio declarado como recuperable. Unha actuación contradictoria co que nos trasladou inicialmente a empresa, e na que se posibilitaba poder recuperar este festivo mediante a elección dun día adicional de vacacións, de libranza ou de asuntos propios.

Próxima Permanente: **Venres 16 de marzo.**

Próximo Pleno: **Venres 6 de abril.**